Exercicios de autoavaliación

Unidade 2

1. Como se pode clasificar a literatura bíblica do Antigo Testamento?
2. Cales son os xéneros da literatura bíblica?
3. En que primeiras obras da literatura grega aparece o repertorio mítico?
4. Indica os autores máis importantes da traxedia grega.
5. Cal é o grande autor grego da *comedia antiga*? E o da *comedia nova*?
6. Indica coas túas propias palabras como se pode definir a poesía lírica.
7. Que dous grandes filósofos gregos foron os máis influentes na historia do pensamento?
8. Que dous grandes historiadores gregos do século –V se poden citar?
9. En que sentido se soe dicir que a *Eneida* é *Odisea* + *Iliada*?
10. Que dous autores destacaron na comedia latina?
11. Que dúas novelas fundamentais hai na literatura latina?
12. Que autores protagonizaron o esplendor cultural da Gallaecia do século IV?

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 2

1. O Antigo Testamento divídese en tres grandes partes: 1) a "Torá" ou *Pentateuco*, que reúne os seguintes textos: *Xénese, Éxodo, Levítico, Números, Deuteronomio;* 2) os *Libros dos Profetas*, e 3) os *Escritos*.

2. A *Biblia* non é algo uniforme nin unificado, pois, do mesmo xeito que reúne heteroxeneidade de temas e contidos, tamén ten diversidade de xéneros. Podemos mencionar a narración de historias (*Xénese*, p.e.), a poesía (tanto hímnica ou laudatoria, caso do *salmos*, ou de lamentación, como as *elexías*, etc.), as profecías, os textos legais (pensemos nos "Dez Mandamentos"), literatura sapiencial ou didáctica (*Proverbios, Eclesiastés)*, etc.

3. Aparece con Homero, en *Iliada* e *Odisea,* e dun xeito máis sistematizado, con Hesiodo, en *Teogonía* e *Os traballos e os días.*

4. Esquilo, Sófocles e Eurípides.

5. Da *comedia antiga* Aristófanes, e da *nova* Menandro.

6. A lírica é unha poesía que ten como centro o individuo. Fronte ás fazañas da épica, a lírica expresa os sentimentos e desacougos dun *eu* que subxectivamente ten o presente como marco desde onde se exteriorizan as emocións. Fronte ao heroe da épica, na lírica aparece a persoa de carne e óso que vive nun tempo efémero, con amor e desamor, con tristeza ou ledicia. Na lírica, o mundo divino e o destino, que eran primordiais na épica, deixan o seu sitio ao propio ser humano. Fronte a un *teocentrismo* ou *heroecentrismo* épico, estamos diante dun *antropocentrismo* lírico.

7. Platón e Aristóteles.

8. Heródoto e Tucídides.

9. Os doce libros da *Eneida* recollen en partes iguais (cada unha de seis libros) as viaxes erráticas e as peripecias do heroe (Eneas é un Ulises nesta primeira parte) e os diversos enfrontamentos e batallas (Eneas é unha especie de Aquiles na segunda parte).

10. Plauto e Terencio.

11. *Satiricón* e *O asno de ouro.*

12. Fundamentalmente Prisciliano, Exeria, Paulo Orosio e Idacio.